

mentres non se dispoña de medios tecnolóxicos que garantan a súa seguridade e a súa eficacia, e mentres non se diten as oportunas instrucións verbo disto.

2. Ata ese momento, as ordes de transferencia a contas non xudiciais necesitarán da súa entrega na oficina da entidade de crédito para a súa execución.

Disposición transitoria cuarta. *Xulgados de paz ou agrupacións de secretarías de xulgados de paz con conta.*

Os xulgados de paz ou as agrupacións de secretarías de xulgados de paz que, no momento da entrada en vigor deste real decreto, contén cunha conta de depósitos e consignacións ao seu nome, poderán seguir dispoñendo dela baixo a autorización do Ministerio de Xustiza, e por un tempo máximo de dous anos que se contarán desde a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición transitoria quinta. *Contrato vixente.*

As obrigas impostas neste real decreto á entidade de crédito adxudicataria do contrato de apertura e xestión das contas de depósitos e consignacións xudiciais seranlle aplicables á entidade que no momento da entrada en vigor deste real decreto veña prestando o servizo, mentres estas obrigas non supoñan modificación ou alteración do pacto e isto durante toda a vixencia do contrato.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto e expresamente o Real decreto 34/1988, do 21 de xaneiro, polo que se regulan os pagamentos, depósitos e consignacións xudiciais, e a Orde ministerial do 5 de xuño de 1992, pola que se desenvolve o Real decreto 34/1988, do 21 de xaneiro.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento e execución.*

Autorízanse os titulares dos ministerios de Xustiza e de Economía e Facenda para ditaren, no ámbito das súas respectivas competencias, as normas que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Modelos de formularios.*

1. O Ministerio de Xustiza aprobará, mediante unha orde, os modelos de formularios de ingreso, de mandados de pagamento e de ordes de transferencia, así como os requisitos que estas teñen que reunir para a súa correcta recepción, e de cantos instrumentos de pagamento poidan ser admisibles no futuro.

2. Mentres non sexan aprobados os novos modelos de formularios, terán validez e poderán usarse os actualmente vixentes.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor aos dous meses desde a súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 21 de abril de 2006.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Xustiza,

JUAN FERNANDO LÓPEZ AGUILAR

## MINISTERIO DE FOMENTO

**8346** *REAL DECRETO 547/2006, do 5 de maio, relativo á seguranza das aeronaves de países terceiros que utilizan os aeroportos e outros aeródromos situados en territorio español. («BOE» 113, do 12-5-2006.)*

A Directiva 2004/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, relativa á seguranza das aeronaves de países terceiros que utilizan os aeroportos da Comunidade, establece criterios comúns para a aplicación harmonizada das normas internacionais de seguranza, e para os procedementos de inspección en pista das referidas aeronaves, así como medidas de inmovilización en terra cando sexan detectadas deficiencias graves para a seguranza. Tamén a creación de mecanismos de cooperación entre as autoridades competentes dos Estados membros para intercambiar información nesta materia.

A Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguranza aérea, estableceu o réxime xurídico xeral da inspección aeronáutica, coa finalidade de preservar a seguranza, a orde e a fluidez do tráfico e do transporte aéreo, de acordo cos principios e normas de dereito internacional reguladoras da aviación civil.

En desenvolvemento da citada Lei de seguranza aérea, este real decreto ten por obxecto incorporar ao ordenamento xurídico nacional a Directiva 2004/36/CE, para regular a inspección en pista aplicable ás aeronaves de países terceiros que aterren nos aeroportos e outros aeródromos españois, co fin de velar polo cumprimento, entre outras, das normas internacionais sobre seguranza aérea que recollen os anexos do Convenio sobre aviación civil internacional, feito en Chicago o 7 de decembro de 1944.

Este real decreto establece medidas en relación coa inspección da seguranza operacional das aeronaves de países terceiros e, polo tanto, queda englobado na competencia exclusiva que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1.20.<sup>a</sup> da Constitución en materia de tránsito e transporte aéreo.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de maio de 2006,

### DISPONGO:

Artigo 1 *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto regular as inspeccións en pista das aeronaves civís de países terceiros que aterren en aeroportos e outros aeródromos situados en territorio español co fin de establecer e manter un nivel uniforme e elevado de seguranza na aviación civil.

2. O disposto neste real decreto será de aplicación directa ás inspeccións en pista a que se refire o punto anterior, sen prexuízo de calquera outras que leve a cabo a autoridade aeronáutica, ou das medidas que deba adoptar conforme a lexislación vixente sobre seguranza aérea.

3. Quedan excluídas do ámbito de aplicación deste real decreto as aeronaves adscritas á defensa, as aeronaves de Estado non militares e as aeronaves dunha masa máxima de despegamento inferior a 5.700 kg que non se dediquen a actividades comerciais de transporte aéreo.

## Artigo 2 *Definicións.*

Para os efectos do disposto neste real decreto entenderase por:

- a) «Aeródromo»: área definida de terra ou de auga, que inclúe todas as súas edificacións, instalacións e equipamentos, destinada total ou parcialmente á chegada, saída e movemento en superficie de aeronaves.
- b) «Inmovilización en terra»: a prohibición formal de que unha aeronave abandone un aeroporto ou outro aeródromo, e a adopción das medidas necesarias para inmovilizala.
- c) «Normas internacionais de seguranza»: as normas de seguranza que figuran no Convenio de Chicago e nos seus anexos, na versión vixente no momento da inspección.
- d) «Inspección en pista»: o exame das aeronaves de países terceiros de conformidade co establecido neste real decreto que se efectúen dentro do recinto aeroportuario.
- e) «Aeronaves de países terceiros»: as aeronaves que non sexan utilizadas ou operadas baixo o control dunha autoridade competente dun Estado membro da Unión Europea.

## Artigo 3 *Autoridade competente.*

A inspección en pista de aeronaves de países terceiros que aterren nos aeroportos e noutros aeródromos situados en territorio nacional correspóndelle á Dirección Xeral de Aviación Civil do Ministerio de Fomento de acordo co establecido na de seguranza aérea e nas súas normas de desenvolvemento.

## Artigo 4 *Procedemento de inspección en pista de aeronaves de países terceiros.*

1. O procedemento para a realización das inspeccións en pista ás aeronaves de países terceiros axustarase ao establecido na Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguranza aérea e as súas normas de desenvolvemento.

O ámbito de actuación das devanditas inspeccións poderá abranguer as funcións enumeradas no artigo 22.1 da citada lei, con suxeición en todo caso ao disposto no anexo.

2. As inspeccións en pista das aeronaves de países terceiros realizarase sempre que existan indicios fundados de infracción das normas internacionais de seguranza, e, en particular, polas causas seguintes:

- a) Cando se reciba información fidedigna sobre as malas condicións de mantemento das aeronaves ou ben presenten danos ou defectos evidentes.
- b) Cando se dispoña de información fidedigna de que realizaron, desde a súa entrada no espazo aéreo dun Estado membro da Unión Europea, manobras anormais que susciten grave preocupación sobre a súa seguranza.
- c) Cando unha inspección previa en pista desvelase deficiencias que permitan supor que a aeronave non cumpre as normas internacionais de seguranza, e a autoridade aeronáutica deduza que as deficiencias non foron corrixidas.
- d) Cando as aeronaves estean rexistradas en países cuxas autoridades competentes non exerzan unha axeitada supervisión de seguranza.
- e) Cando existan indicios reais de que o operador da aeronave incumpe as normas internacionais, en virtude da información obtida conforme o artigo 6, ou cando, anteriormente, unha aeronave utilizada polo mesmo operador mostrase deficiencias nunha inspección en pista.

3. As inspeccións en pista realizaranse en aplicación dos plans de inspección ou en virtude das ordes específi-

cas de actuación adoptadas pola Dirección Xeral de Aviación Civil. En ambos os dous supostos, poderanse incluír sistemas de mostraxe que en ningún caso se inspirarán en criterios discriminatorios, estando orientados estritamente á seguranza aérea.

4. O resultado das inspeccións en pista documentarase de conformidade co disposto no artigo 28 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguranza aérea, e as súas normas de desenvolvemento, e deberá incluír como mínimo os datos que figuran nos impresos normalizados pola normativa comunitaria.

5. A documentación acreditativa do resultado das inspeccións en pista entregarase ao comandante da aeronave ou a un representante do operador da aeronave e, en caso de constatación de anomalías significativas, tamén serán informados o operador da aeronave e as autoridades aeronáuticas afectadas.

6. Cando se realice unha inspección en pista ao abeiro do disposto neste real decreto, o persoal que leve a cabo a actuación inspectora fará todo o posible para evitar demoras excesivas da aeronave sometida a inspección.

As consecuencias derivadas da paralización da aeronave mentres levan a cabo as actuacións de inspección previstas neste regulamento serán asumidas pola compañía operadora, que en todo caso lles prestará a debida asistencia aos pasaxeiros ou usuarios polas demoras que se produzan.

## Artigo 5 *Inmovilización en terra dunha aeronave.*

1. O operador dunha aeronave deberá adoptar certas medidas sexan precisas para rectificar, antes da saída do voo, as deficiencias advertidas polo persoal de inspección, cando o incumprimento das normas internacionais de seguranza constitúa un risco manifesto para a seguranza aérea.

2. Se a Dirección Xeral de Aviación Civil constata que non se executaron debidamente as medidas correctoras antes da saída do voo e que a aeronave incumpe as normas internacionais de seguranza de forma que implique un risco certo e grave para a seguranza aérea, poderá decretar a inmovilización da aeronave de acordo co procedemento establecido no artigo 30 da Lei 21/2003, e informará inmediatamente a autoridade aeronáutica da cal dependa o operador de que se trate e do Estado en que estea rexistrada a aeronave.

3. Así mesmo, a Dirección Xeral de Aviación Civil poderá acordar, en colaboración co Estado responsable da explotación da aeronave en cuestión ou o Estado en que estea rexistrada a aeronave, as condicións necesarias nas cales se poderá autorizar a aeronave a voar a un aeroporto ou a outro aeródromo en que as deficiencias poidan ser corrixidas.

Se a deficiencia afectase a validez do certificado de aeronavegabilidade da aeronave, a inmovilización só se poderá levantar cando o operador conte coa autorización do Estado ou Estados que vaian ser sobrevoados durante ese voo.

## Artigo 6. *Recolla de información.*

1. A Dirección Xeral de Aviación Civil establecerá un sistema de recolla e tratamento da información útil para o cumprimento do disposto neste real decreto. Este sistema deberá ser compatible coas normas e procedementos que, de ser o caso, adopte a Unión Europea e incluírá, polo menos, os seguintes elementos:

a) Información importante en materia de seguranza que se atope dispoñible, en particular, a partir de:

- 1.º Notificacións dos pilotos.

- 2.º Notificacións das entidades de mantemento.
- 3.º Notificacións de incidentes.
- 4.º Notificacións doutras organizacións independentes das autoridades competentes dos Estados membros.
- 5.º Reclamacións.

b) Información sobre medidas adoptadas tras unha inspección en pista, como:

- 1.º Inmobilización en terra da aeronave.
- 2.º Prohibición da aeronave ou do operador de operar no Estado español.
- 3.º Necesidade de medidas correctoras.
- 4.º Contactos coa autoridade competente do operador.

c) Información de seguimento relativa ao operador, como:

- 1.º Medidas correctoras aplicadas.
- 2.º Repetición de anomalías.

2. A recompilación da información prevista neste artigo levarase a cabo a través de informes normalizados que incluírán necesariamente os datos que figuran nos impresos normalizados recollidos na normativa comunitaria.

#### Artigo 7. *Intercambio de información.*

1. A Dirección Xeral de Aviación Civil colaborará no intercambio de información previsto no artigo 5.1 da Directiva 2004/36/CE, coas autoridades aeronáuticas dos Estados membros da Unión Europea.

2. Así mesmo, a Dirección Xeral de Aviación Civil habilitará os medios necesarios para pór á disposición da Comisión Europea, sen demora, e cando así o soliciten, da Axencia de Seguraza Aérea e das autoridades aeronáuticas dos Estados membros, todos os informes a que se refire o artigo 6.2 e os documentos de inspección en pista mencionados no artigo 4.5.

3. Sempre que dun informe normalizado se deduza a existencia dun risco potencial en materia de seguraza, ou que os documentos de inspección en pista practicada nun aeroporto ou aeródromo español revelen que unha aeronave non cumpre as normas internacionais de seguraza e poida supor un risco, tales documentos serán comunicados, sen demora, pola Dirección Xeral de Aviación Civil ás autoridades competentes dos Estados membros e á Comisión Europea.

#### Artigo 8. *Protección e difusión da información.*

1. A Dirección Xeral de Aviación Civil adoptará as medidas necesarias para asegurar o tratamento confidencial e o bo uso da información que reciba e intercambie en aplicación do artigo 7.

2. A difusión desta información realizarase exclusivamente conforme os seguintes criterios:

- a) Só se poderá utilizar para os fins previstos neste real decreto.
- b) Poderán acceder á devandita información a Comisión Europea, a Axencia Europea de Seguraza Aérea e as autoridades aeronáuticas dos Estados membros.
- c) Só se autorizará unha difusión limitada cando sexa necesario para garantir a seguraza aérea, ou cando así o dispoña expresamente unha lei.

3. O persoal dependente da Dirección Xeral de Aviación Civil que acceda á información non poderá revelar, en ningún caso, os datos identificativos das persoas que faciliten voluntariamente información sobre deficiencias das aeronaves.

#### Artigo 9. *Medidas para mellorar a seguraza e medidas de aplicación.*

A Dirección Xeral de Aviación Civil informará a Comisión Europea verbo das medidas operativas adoptadas para a aplicación das disposicións dos artigos 4, 6 e 7.

Disposición adicional única. *Aprobación de modelos normalizados.*

O director xeral de Aviación Civil aprobará os modelos da documentación relativa ás inspeccións en pista, prevista nos artigos 4.5 e 6.2.

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación do dereito da Unión Europea.*

Este real decreto incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2004/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, relativa á seguraza das aeronaves de países terceiros que utilizan os aeroportos da Comunidade.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1.20.ª da Constitución en materia de tránsito e transporte aéreo.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa.*

O ministro de Fomento ditará as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de maio de 2006.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Fomento,  
MAGDALENA ÁLVAREZ ARZA

#### Anexo

1. A inspección en pista deberá incluír a totalidade ou unha parte dos aspectos seguintes, en función do tempo dispoñible:

- a) Comprobación da existencia e validez dos documentos necesarios para voos internacionais, como certificado de matrícula, diario de a bordo, certificado de aeronavegabilidade, licenzas dos membros da tripulación, licenza da estación de radio, lista de pasaxeiros e manifesto de carga;
- b) Comprobación de que a composición e cualificación da tripulación de voo cumpren os requisitos do anexo 1 e o anexo 6 do Convenio de Chicago (anexos OACI);
- c) Comprobación da documentación operativa (datos do voo, plan operativo de voo, diario técnico) e da preparación de voo necesarias para demostrar que o voo se preparou de acordo co anexo 6 da OACI;



d) Comprobación da existencia e estado dos dispositivos requiridos para a navegación internacional, de acordo co anexo 6 da OACI:

- 1.º Certificado de operador aéreo.
- 2.º Certificado ruído e emisións.
- 3.º Manual de operacións (incluída a lista de equipo mínimo) e manual de voo.
- 4.º Equipo de seguranza.
- 5.º Equipo de seguranza da cabina.
- 6.º Equipo necesario para o voo de que se trate, incluído equipo de radiocomunicación e radionavegación.
- 7.º Rexistradores de datos de voo.

e) Comprobación de que as condicións da aeronave e o seu equipo (incluídos danos e reparacións) garanten o cumprimento das normas do anexo 8 da OACI.

2. Tras a inspección en pista deberá elaborarse a documentación correspondente que deberá incluír a información xeral contida no impreso do anexo II da Directiva 2004/36/CE do 21 de abril, relativa á seguranza das aeronaves de países terceiros que utilizan os aeroportos da Comunidade.

Así mesmo, na mencionada documentación incluírase unha relación dos elementos comprobados xunto cunha indicación das deficiencias achadas en cada un dos devanditos elementos e calquera observación específica que se considere necesaria.

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**8348** *REAL DECRETO 551/2006, do 5 de maio, polo que se regulan as operacións de transporte de mercadorías perigosas por estrada en territorio español.* («BOE» 113, do 12-5-2006.)

### ÍNDICE

Capítulo I.	Disposicións xerais e definicións.
Artigo 1.	Disposicións xerais.
Artigo 2.	Definicións.
Artigo 3.	Conselleiros de seguranza.
Capítulo II.	Normas sobre a operación de transporte.
Artigo 4.	Condutores.
Artigo 5.	Normas de circulación.
Artigo 6.	Axudantes.
Artigo 7.	Permisos excepcionais e especiais.
Capítulo III.	Normas técnicas sobre vehículos de transporte, envases e embalaxes, grandes recipientes para granel, grandes embalaxes e contedores a granel (pulverulentos ou granulares).
Artigo 8.	Envases, embalaxes, grandes recipientes para granel (GRG) e grandes embalaxes.
Artigo 9.	Vehículos.
Artigo 10.	Cisternas, vehículos batería e CGEM e vehículos EXII, EXIII, FL, OX e AT.
Artigo 11.	Contedores a granel (pulverulentos ou granulares) especiais para determinados produtos segundo ADR.
Artigo 12.	Organismos de control e estacións ITV.
Artigo 13.	Contrasinais.
Artigo 14.	Reparacións ou modificacións.
Artigo 15.	Actas de inspección.
Artigo 16.	Certificado de aprobación.
Artigo 17.	Remisión de documentación.

Artigo 18.	Documentación das inspeccións.
Capítulo IV.	Normas de actuación en caso de avaría ou accidente.
Artigo 20.	Actuación e comunicación.
Artigo 21.	Plans de actuación.
Artigo 22.	Acordos de colaboración.
Artigo 23.	Informes.
Capítulo V.	Operacións de carga e descarga.
Sección 1. <sup>a</sup>	Normas xerais.
Artigo 24.	Información previa.
Artigo 25.	Documentación.
Artigo 26.	Operacións previas á carga ou á descarga.
Artigo 27.	Operación de carga ou descarga.
Artigo 28.	Carga en común e limitacións.
Artigo 29.	Operacións posteriores á carga ou á descarga.
Sección 2. <sup>a</sup>	Normas especiais no caso de cisternas fixas ou desmontables, cisternas portátiles, contedores cisterna e caixas móbiles cisterna.
Artigo 30.	Instalacións de carga ou descarga de cisternas.
Artigo 31.	Limpeza das cisternas.
Artigo 32.	Grao de enchedura de cisternas.
Artigo 33.	Procedemento de carga e descarga.
Artigo 34.	Control final.
Artigo 35.	Documentación despois das descargas.
Capítulo VI.	Réxime sancionador.
Artigo 36.	Aplicación.
Disposición adicional primeira.	Idiomas da documentación.
Disposición adicional segunda.	Certificados de aprobación dos vehículos.
Disposición transitoria única.	Certificados de aprobación de determinadas cisternas para transportar residuos.
Disposición derogatoria única.	
Disposición derradeira primeira.	Modificación do Real decreto 1556/1999, do 8 de outubro, sobre os conselleiros de seguranza para o transporte de mercadorías perigosas por estrada, ferrocarril ou por vía navegable.
Disposición derradeira segunda.	Facultades de desenvolvemento e actualización.
Disposición derradeira terceira.	Incorporación de dereito da Unión Europea.
Anexo I.	Normas especiais aplicables no caso de transportes desenvolvidos integramente dentro do territorio español.
Anexo II.	Relación de comprobacións para carga de mercadorías perigosas.
Anexo III.	Disposicións xerais que continúan en vigor en canto non se opoñan ao establecido no ADR ou neste real decreto.
Anexo IV.	Organismos de control e ITV.
	Cadro 1: Equipamentos de inspección.
	Cadro 2: Documentación técnica vixente.
	Cadro 3: Procedementos técnicos.
Anexo V.	Documentación.
Anexo VI.	Modelos de certificados.
Apéndice E1.	Certificado de conformidade cos requisitos regulamentarios dun tipo de envases/embalaxes/grandes embalaxes para o transporte de mercadorías perigosas.
Apéndice E2.	Acta de probas dun tipo de envases/embalaxes/grandes embalaxes para o transporte de mercadorías perigosas.